

AUGA DE MAIO

De cando os fornos arrecos
a una certifiñas maduraban
mentres nas hoxas de folgas
a xesta reparaba a natureza

"Cantémo-las veigas, cantémo-los montes,
cantémo-los ríos i as voltas que fan,
cantémo-los agros, ruliña graciosa,
os agros inmensos que veñen e van."

X. M. Chao Ledo

co os máis novos agatábanse
para enchouparse nos piagos
a axexar de anguias nos canais

"A miña terra puxéronlle outros traxes
e andan agora poñéndolle outra alma!
;Foron desaparecendo camiños e paisaxes
e hasta os ríos perderon a súa calma!"

Manuel María

De cando nas casas da aldeas
a cerna das carroochas

corrían ríos manantíos nos que se bebía
escondidos entre chousas, veigas e campías
transitados por mil paxaros cantores.

De cando todo era ilusión humilde e compartida.

De cando en toda a Cha
araban fortes e lentos bois
nas terras de larganza dos vilares,
cantaban cargados carros
e suaba canso e ledo
todo o pobo pola sega.

De cando as colleitas abundantes
douraban airas cheas
e as aves compañeiras acudían ó festín
para comezar a soñar co outono, nos soutos.

- turbidos do vento orfó -

De cando as carballeiras se espreguizaban
vestidas co traxe das romaxes
e nas tardes soaban cántigas e aturulos
que o luar animaba ata o amencer.

De cando os fornos arrecendían a pan saboroso
e nas cortiñas maduraban encarnadas mazás
mentres nas horas de folganza, á sombra,
a sesta reparaba a canseira
ou os máis novos agatuñaban ós ameneiros
para enchouparse nos piagos
e axexar ás angúas nos caneiros.

De cando nas casas da aldea
ardía, lentamente, a cerna das carrochas
para quentar a friaxe da invernia
nas noites de contos e de rúas.

De cando todo era ilusión humilde e compartida.
Pouco queda ...

.....

Queda ...

o profundo silencio das agras
nos cómbaros da tarde penedía,
a mirada perdida do vello labrego
- rexo e austero curtido en mil xeiras -
agora debullando entre o abandono e a incerteza,
esborrallado no desalento.
Tantos días ásperos e poeirentos
- toutizos do vento orfo -
queimados polo corisco e a soidade
e a historia derrubada nas solainas.

.....

Mais con outro milenio na soleira
virán mansas e amorosas treboadas,
fértils chuvias restauradoras
e a frescura de novas primaveras.
Baixarán escorregando docemente entre as montañas

Virán como - para non asolagala -

Levantaranse leves ventos coma brisas
mudando a terra triste e cansa
por outra de vida i esperanza.

Cubriranse os campos de flores e chorimas
e nos outeiros e castros habitados
repousará o sol do mediodía
mentres nos agros de centeo
ondee un mar de espigas.

Medrará, no colo do vento,

- peiteada e perfumada -

a boa herba do solpor.

Atravesaremos ás insuas do verao,
acariciadas polo pai Miño,
divisando o retorno das aves viaxeiras
á Lagoa do Monte, para aniñar entre as xunqueiras.

Será un tempo criador.

Entón asomará Merlín polas terras de Miranda
e, pola fresca, paseará por toda a Chaira.

Coa certeza de que ...
ó abrir nas casas portas e ventás
saberán que volveu a súa ama
e con ela os mozos a habitalas.

Virán como Auga de Maio
para regalarnos outras recolleitas.

Será tempo de herdanza
para os fillos da Chaira ancestral
que regresan á patria que os chama
- porque sempre regresamos -

Sementaremos soños novos
entre os graos de trigo limpo,
do mellor candeal,
pois aínda ten lentura esta terra sabia
cando se achega o tempo de outonar.

CANDEAL